

GRAZIA DELEDDA

Canas ao vento

Tradución de María Alonso Seisdedos



I

Efix, o criado das señoras Pintor, traballara durante todo o día para reforzar o dique primitivo que construíra el, aos poucos, a poder de anos e esforzo, ao longo do río na parte baixa do seu fundiño. Agora, ao caer da tarde, contemplaba a súa obra desde o alto, sentado diante da choupana, baixo a ribada gacia de canas a media ladeira do branco outeiro dos Pombos.

Velaí o ten todo enteiro aos pés, en silencio, coas augas aquí e alá escintilantes ao crepúsculo, o fondo que Efix considerara máis seu que das súas amas: trinta anos de posesión e traballo fixérono ben seu e as sebes de chumbeiras que o choen de arriba a abaixo como dous valados grises e serpeantes de socalco en socalco desde o outeiro ao río seméllanlle os límites do mundo.

O criado non miraba alén do fondo porque todos os terreos lindeiros pertenceran en tempos ás súas amas. Para que lembrar o pasado? Señardade inútil. Mellor pensar no porvir e confiar na axuda de Deus.

E Deus prometía ese ano unha boa colleita ou, polo menos, recubrira de flores todos os pexegueiros e amendoeirás do val. Este, entre dúas fileiras de outeiros brancos, co horizonte cerúleo de montes ao oeste e de mares ao leste, tapizado

de vexetación primaveral, de regueiros, de arbustos, de flores, semellaba un berce repleto de veos verdes, de fitas azuis, co murmurio do río monótono como o dun meniño que adormece.

Os días xa eran ben quentes e Efix pensaba tamén nas chuvias torrenciais que enchían os ríos sen diques e os facían rebordar como un monstro e destruílo todo. Confiar si, mais tampouco fiarse. Cumpría estar atentos igual que as canas sobre a ribada que, a cada refacho, baten as follas unhas nas outras como se se advertisen do perigo.

Para iso traballara o día enteiro e agora, á espera da noite, mentres tecía unha esteira de xuncos por non desperdiciar o tempo, pregaba para que Deus fixese eficiente o seu traballo. Que é un pequeno dique se Deus non o fai, coa súa vontade, formidable como unha montaña?

Sete xuncos entrelazados nun vimbio, pois, e sete pregarías ao Señor e a Nosa Señora dos Remedios, bendita ela sexa. Aló no límite azul do crepúsculo estaban o santuario e o recinto de choupanas, quedo como unha aldea prehistórica abandonada desde había séculos. A esas horas, mentres a lúa agromaba como unha gran rosa entre a bouza do outeiro e recendían as euforbias á beira do río, tamén as amas de Efix pregaban. Dona Ester, a máis vella, bendita ela sexa, ben seguro que se acordaba del, pecador. Abondaba iso para que el se sentise satisfeito, compensado das súas fatigas.

O son duns pasos ao lonxe fíxolle alzar a vista. Pareceulle recoñecelos. Eran uns pasos veloces e lixeiros de rapaz, pasos de anxo que corre a anunciar as alegrías e as tristezas. Ha de ser o que Deus queira. El é quen manda as novas boas e as ruíns. O corazón, mesmo así, deu en tremellear e os dedos ne-

gros e degresados, cos xuncos de prata que brillaban ao luar como fíos de auga, tamén lle tremeron.

Deixaron de ouvirse os pasos. Efix, non obstante, continuou alí, inmóbil, a agardar.

Mentres a lúa ascendía fronte a el, as voces do serán advertían os homes da fin da xornada. Era o canto cadencioso do cuco, o chío dos grilos temperáns, o laio dalgún paxaro; era o suspiro das canas e a voz cada vez máis clara do río; e era, sobre todo, un alentar, un arfar misterioso que semellaba xurdir da propia terra. Si, a xornada do home traballador terminara, mais principiaba a vida fantástica dos trasnos, das fadas, dos espíritos errantes. As pantasma dos antigos baróns descendían das ruínas do castelo á aldea de Galte, aló no alto, no horizonte á esquerda de Efix, e percorrían as marxes do río á caza de porcos bravos e raposos. As súas armas escintilaban entre os amieiros baixos da ribeira e os ladros amortecidos dos cans ao lonxe delataban o seu paso.

Efix sentía o boureo das *panas** que lavaban a roupa no río, batendo nela coa tibia dun morto, e cría entrever o *ammattadore*** (o trasno dos sete puchos, nun dos cales garda un tesouro) que choutaba dun lado a outro por baixo do amendoal, perseguido por vampiros co rabo de aceiro.

Alí por onde eles pasaban, pólas e pedras escintilaban ao luar. Aos espíritos malignos xuntábanse os dos meniños non bautizados, espíritos brancos que voaban polo aire e se transformaban en nubiñas prateadas por detrás da lúa. Tamén os

* N. da T.: As *panas* son seres mitolóxicos similares ás lamias ou lavadeiras da mitoloxía galega, que representan mulleres mortas no parto ou cuxo fillos morreron sen bautizar.

** N. da T.: O enlouquecedor. Outro dos seres mitolóxicos da cultura sarda.

ananos e as *janas*, pequenas fadas que pasaban o día na súa casa de rocha a tecer panos de ouro en teares de ouro ou bailaban á sombra das grandes matas de adernos, mentres os xigantes se asomaban entre os penedos dos montes alumados pola lúa, termando das bridas dos imponentes cabalos verdes que só eles saben montar, para espreitaren se aló embaixo, entre as extensións de leiteiriñas maléficas, se agachaba algún dragón ou se a lendaria serpente cananea, que vive desde os tempos de Cristo, reptaba sobre as areas á beira do pantano.

En especial nas noites de lúa, todo ese pobo misterioso anima outeiros e vales. Os homes non teñen dereito a turbarlo coa súa presenza, tal como os espíritos os respectan a eles durante o percorrido do sol. É, por tanto, hora de recollese e cerrar os ollos baixo a protección dos anxos custodios.

Efix fixo o sinal da cruz e ergueuse. Se ben seguía agardando a que alguén chegase, empurrou a táboa que lle servía de porta e apoiou contra ela unha gran cruz de cana que debería impedir a entrada de trasnos e tentacións na choupana.

O luar alumaba a través das fisgoas a estancia angosta e baixa nos cantos, mais larga dabondo para el, que era pequeno e magro como un adolescente. Do teitume cónico, feito de canas e xuncos, que cubría os muros de pedra a seco e tiña un buraco no centro para a saída do fume, pendían restes de cebolas e feixes de herbas secas, cruces de palma e pólas de oliveira bendicida, un cirio pintado, un fouciño contra os vampiros e unha saquetiña de orxo contra as *panas*. A cada refoleo todo tremía e os fíos das arañas resplandecían á lúa. No chan repousaba o cántaro coas asas nos costados e ao seu carón e boca abaixo durmía a pota.

Efix despregou a esteira, mais non se deitou. Parecíalle volver sentir o rumor de pasos infantís. Con certeza viña alguén e, en efecto, de súpeto, nos predios veciños, os cans romperon a ladrar e a paisaxe toda, que pouco antes semellara adormecer coa ladaíña das voces nocturnas, encheuse de ecos e de axitación, como se espertase sobresaltada.

Efix volveu abrir a porta. Unha figura negra subía pola ladeira, onde xa as matas baixas de feixón ondeaban prateadas ao luar, e el, a quen na noite ata as figuras humanas lle parecían misteriosas, fixo de novo o sinal da cruz. Entón, unha voz coñecida chamouno. Era a voz fresca, se ben un pouco arfante, dun rapaz que vivía preto da casa das señoras Pintor.

—Tío' Efixè! Tío Efixè!

—Que foi, Zuannantò? Están ben as miñas amas?

—Están ben, están, penso eu. Mándanme só para dicirlle que vaia mañá cedo á aldea, que lle teñen que falar. Ha de ser igual por causa dunha carta amarela que lle vin nas mans á dona Noemi. A dona Noemi líaa e a dona Ruth, que andaba a varrer no patio cun pano branco na cabeza como unha monxa, parou e afincouse na vasoira a escoitar.

—Unha carta? E non sabes de quen era?

—Que vou saber eu se non sei ler. Di miña avoa que igual é do don Giacinto, o sobriño das súas amas.

Si, Efix presentíao. Había de ser del. Non obstante, cofaba, pensativo, na meixela e agachou a cabeza, pois esperaba e temía asemade enganarse.

* N. da T.: En sardo, como en galego, dábaselle á xente de certa idade o tratamento de tío ou tía.

O rapaz, canso, sentou no poio da choupana a desamalloar as botas e preguntou se non había nada de comer.

—Corrín como un cervato. Métenme medo os trasnos...

Efix alzou o rostro oliváceo e duro como unha máscara de bronce e fitou o rapaz cos ollos pequenos, azulados, afundi-dos e cercados de engurras. E eses ollos vivos, brillantes, translucían unha angustia infantil.

—Dixéronche se teño que volver mañá ou xa esta noite?

—Mañá, xa llo dixen! E mentres vai vostede na aldea, quedo eu aquí a gardarlle o predio.

O criado estaba habituado a obedecer as amas e non fixo máis preguntas. Colleu unha cebola da reste, un anaco de pan da alforxa e, mentres o rapaz comía, rindo e chorando polo cheiro áspero do compango, retomaron a conversa. Por ela desfilaron os principais persoeiros da aldea. Primeiro falaron do reitor, despois da irmá do reitor; a seguir do Milés*, que casara cunha filla desta última e pasara de vendedor ambulante de laranxas e ánforas a converterse no comerciante máis rico da aldea; despois de don Predu, alcalde e curmán das amas de Efix. Don Predu, se ben era rico, non era tanto como o Milés. Por último, tocoulle a Kallina, a usureira, que fixera fortuna ela tamén, mais dun xeito algo misterioso.

—Os ladróns trataron de fenderlle unha parede. En balde, que está enmeigada. E ela ría esta mañá no patio e dicía: «Mesmo que entrasen, ían atopar só cinza e cravos, que son pobre como Cristo». Ora que miña avoa di que a tía Kallina ten unha saquetiña chea de ouro agochada nunha parede.

* N. da T.: Dábanlle ese alcume porque procedía de Milis, un municipio da Sardeña pertencente á provincia de Oristano.

Con todo, a Efix no fondo pouco lle importaban eses contos. Deitado na esteira, cunha man no sobrazo e a outra baixo a fazula, sentía os latexos do corazón, e os murmurios das canas no alto da ribada semelláballe os suspiros dun espírito maléfico.

Unha carta amarela! Que cor tan fea a amarela! Quen sabe o que lles había de acontecer aínda ás amas. Desde había vinte anos, cando algún suceso alteraba a vida monótona na casa das Pintor era invariablemente unha calamidade.

O rapaz, que tamén se deitara, non tiña gana ningunha de durmir.

—Tío Efix, aínda hoxe contaba miña avoa que as súas amas en tempos eran ricas como o don Predu. É verdade ou non é?

—É —dixo o criado cun suspiro—, pero non son horas de falar desas cousas. Durme, anda.

O rapaz bocexou.

—É que miña avoa conta que despois de morrer a dona Maria Cristina, a ama vella de vostede que Deus teña na gloria, a casa quedou gafada. É verdade ou non é?

—Que durmas, díxenche. Non son horas...

—Déixeme falar! Por que fuxiu a dona Lia, a ama máis nova? Di miña avoa que vostede o sabe, que a axudou a fuxir, que a acompañou ata a ponte e que ela se agochou ata que pasou un carro no que marchou ata o mar, onde embarcou. O don Zame, o pai dela, o amo de vostede, buscouna e buscouna ata que morreu. Que morreu alí, ao pé da ponte. Quen o matou? Di miña avoa que vostede o sabe...

—A túa avoa é unha bruxa! Ela e mais ti, ti e mais ela, deixade en paz os mortos! —berrou Efix, mais a voz saíulle rouca e o rapaz soltou unha gargallada insolente.

—Non se me alporice, que aínda lle dá unha dada, tío Efix! Di miña avoa que foi o trasno o que matou o don Zame. É verdade ou non é?

Efix non lle respondeu. Fechou os ollos e tapou os ouvidos coas mans, pero a voz do rapaz zoaba na escuridade e semelláballe a propia voz dos espíritos do pasado.

E velaquí que, aos poucos, van vindo todos, cóanse polas físgoas como os raios da lúa: está dona Maria Cristina, fermosa e plácida como unha santa; está don Zame, encarnado e violento como o demo; están as catro fillas, coa serenidade da nai no rostro pálido e a paixón do pai no fondo dos ollos; están os criados, as criadas, os parentes, os amigos, toda a xente que invade a casa rica dos descendentes dos baróns da contorna. Mais pasa o vento da desgraza e a xente dispérsase como as nubes que rodean a lúa no ceo cando sopra a tramontana.

Dona Cristina morreu. O rostro pálido das fillas perde unha chisca da serenidade e a paixón no fondo dos ollos medra. Medra consonte don Zame, tras a morte da muller, vai adoptando cada vez máis a postura prepotente dos baróns seus devanceiros e, igual que estes, mantén as catro mozas encerradas na casa como escravas á espera duns maridos dignos delas. Como escravas debían traballar, cocer o pan, tecer, coser, cociñar, coidar das súas cousas. E, ante todo, non debían alzar a vista diante dos homes nin permitirse pensar en ningún que non lles fose destinado como esposo. No entanto, os anos pasaban e o esposo non viña. E canto máis avellaban as fillas, máis constante rigor nos costumes lles esixía don Zame.

Ai delas como as vise asomadas ás fiestras que daban ao calello da traseira da casa ou se saían sen o seu permiso. Cubríaas de labazadas e improprios mentres ameazaba de morte calquera mozo que aparecese dúas voltas seguidas polo calello.

El, entre tanto, pasaba os días a alangrear pola aldea ou sentado no poio á porta da tenda da irmá do reitor. As persoas tíñanlle tal medo á súa lingua que liscaban ao velo. Rifaba con todos e era tanta a envexa que lle suscitaban os bens alleos que cando pasaba por un bo predio dicía: «Que os preitos te coman!». Mais os preitos acabaron por comerlle a el as terras e nun momento dado caeulle enriba unha desgraza inusitada, como se Deus o castigase pola súa soberbia e os seus prexuízos. Unha noite, dona Lia, a terceira das fillas, desapareceu da casa paterna e durante moito tempo non se soubo máis dela. Sobre a casa pairaba unha sombra fúnebre. Xamais acontecera na aldea un escándalo igual. Xamais fuxira así unha moza nobre e educada como Lia. Don Zame pareceu enlouquecer. Correu dun lado a outro, pola veciñanza e ao longo da costa, á procura de Lia, pero ninguén lle soubo dar novas. Por fin, ela escribiulles ás irmás para dicirlles que se atopaba nun lugar seguro e que se alegraba de romper as cadeas. As irmás, porén, non llo perdoaron, non lle responderon. Don Zame tornárase máis tirano con elas. Vendía o que lle restaba do patrimonio, maltrataba o criado, amolaba medio mundo coas súas querelas, viaxaba seguido coa esperanza de dar coa filla e levala de volta para a casa. O espectro da deshonra que pairaba sobre el e a súa familia enteira pola fuxida de Lia pesáballe como a capa dun condenado. Atopárono morto unha mañá no camiño ao pé da ponte, xusto ao pasar a aldea. Seica morrera dunha síncope, porque non amosaba marca ningunha de violencia, fóra unha manchiña verde no pescozo, na caluga.

A xente dixo que se cadra don Zame pelexara con quen fose e o mataran a bastonadas. Co tempo, no entanto, os rumores calaron e predominou a certeza de que morrera de pena pola fuga da filla.

Entón Lia, mentres que as irmás deshonoradas pola súa fuxida non atopaban marido, escribiulles para lles anunciar o seu casamento. O noivo era un marchante de gando que coñecera por casualidade durante a fuxida. Vivían en Civitavecchia, con abastanza discreta, non habían tardar en ter un fillo.

As irmás, que tampouco lle perdoaron esa nova falta —o casamento cun plebeo que coñecera dun modo tan infame—, non lle responderon.

Un tempo despois, Liaolveulles escribir para anunciar o nacemento de Giacinto. Elas mandaron un galano para o sobriño, mais á nai non lle escribiron.

E transcorreron os anos. Giacinto creceu e cada ano pola Pascua e o Nadal escribíalles ás tías e as tías mandábanlle un galano. Nunha ocasión contoulles que estudaba, noutra que pretendía entrar na mariña, nunha terceira que atopara emprego. Máis para diante anuncioulles a morte do pai, despois a morte da nai. Á fin, expresoulles o desexo de visitalas e establecese onda elas se na aldea atopaba traballo. O emprego modesto que tiña na alfándega non lle ía. Era servil e penoso, consumíalle a mocidade. A el gustáballe a vida afanosa, si, mais sinxela, ao aire libre. Todos lle aconsellaban que fose á illa da nai para probar fortuna cun traballo honrado.

As tías comezaron a discutir e canto máis discutían menos de acordo se puñan.

—Traballar? —dicía dona Ruth, a máis calma. Se a aldea non daba recursos nin para os que naceran nela!

Dona Ester, pola contra, apoiaba os proxectos do sobriño, mentres dona Noemi, a máis nova, esbozaba un sorriso frío e burlón.

—Este aínda pensa que vai vir aquí facer de gran señor. Que veña, que veña! Que ha de ir pescar ao río...

—É el quen di que quere traballar, Noemi, miña irmá! Pois que traballe. Que faga de marchante como o pai.

—Para iso debeu empezar antes. Na nosa familia nunca se tratou con bois.

—Eran outros tempos, Noemi, miña irmá! Amais, hoxe os señores son os marchantes. Mira, se non, para o Milés! Ben o di el: «Agora o barón de Galte son eu».

Noemi ría cunha expresión ruín nos ollos profundos e o seu riso desalentaba a dona Ester máis que todos os argumentos da outra irmá.

Todos os días era o mesmo conto: o nome de Giacinto resoaba pola casa enteira e ata cando as irmás calaban andaba no medio, como por outra parte andara sempre desde o día en que naceu, e a súa figura descoñecida enchía de vida a casa en decadencia.

Que Efix recordase, nunca interviñera nas discusións das amas. Non se afoutaba. Primeiro, porque elas non lle pedían o parecer; despois, para evitar os escrúpulos de conciencia. Con todo, desexaba que o mozo viñese.

Queríalle ben, quixéralle sempre como a un membro da familia.

Tras a morte de don Zame, el quedara coas tres señoras para axudalas a lidar cos asuntos complicados. Os parentes non se ocupaban delas, ao contrario, desprezábanas e esquivábanas. Elas non eran capaces nin de cumprir coas obrigas domésticas e nin sequera coñecían o fundo, a única terra que lles quedaba do patrimonio.

—Boto un ano máis ao servizo delas —dixera Efix, compadecido do seu abandono. E aí seguiu vinte anos.

As tres mulleres vivían das rendas do fundo que cultivaba el. Nos anos de escaseza, cando chegaba o momento de pagarlle ao criado (trinta escudos ao ano e un par de botas), dona Ester dicíalle:

—Ten paciencia, polo amor de Cristo, o teu non che ha faltar.

El tiña paciencia e a débeda aumentaba de ano en ano, tanto que dona Ester, medio en broma medio en serio, lle prometía deixalo herdeiro do fundo e da casa, se ben era moito máis vello ca elas.

Vello, si, e feble. Con todo, era un home e abondaba a súa sombra para seguir protexendo as tres mulleres.

Agora era el o que soñaba para elas a boa sorte. Polo menos que Noemi atopase marido! E se a carta amarela, ao cabo, traía unha boa nova? E se anunciaba unha herdanza? E se fose mesmo unha pedida de man para Noemi? As señoras Pintor aínda tiñan parentes ricos en Sassari e Nuoro. Por que non había de casar un deles con Noemi? O propio don Predu puidera escribir a carta amarela...

E no maxín canso do criado as cousas mudan nun instante de aspecto como da noite ao día. Todo é luz, dozura. As

súas nobres amas rexuvenecen, levantan voo como aguias que recuperaron as plumas. A súa casa rexorde das ruínas e todo arredor florece como o val na primavera.

A el, pobre criado, non lle resta senón retirarse o que lle queda de vida no fondo, desenrolar a esteira e descansar con Deus, mentres no silencio da noite as canas murmuran a pregaría da terra que adormece.



ESTE LIBRO ENTROU NO
PRELO O 21 DE ABRIL DE 2023

